

## **IMPORTANTE**

**INÍCIASE O PRAZO PARA A SOLICITUDE DE AXUDAS DE FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO.**

**O PRAZO REMATA O 19 DE XUÑO (INCLUÍDO).**

**A PARTIRES DE MAÑÁN, MÉRCORES DÍA 20, TERÁN NA WEB A INFORMACIÓN DA ORGANIZACIÓN, PARA ACHEGAR A DOCUMENTACIÓN AO CENTRO.**

**O ALUMNADO DE 6º DE PRIMARIA TERÁ QUE ACHEGAR A DOCUMENTACIÓN ANEXIONADA AO IES XULIÁN MAGARIÑOS OU A CALQUERA CENTRO NO QUE SOLICITASE PRAZA.**

**1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:**

### **DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

<b>Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).</b>
<b>Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.</b>
<b>En caso de separación ou divorcio deberán achegar ademais a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.</b>
<b>Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.</b>
<b>Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.</b>
<b>Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.</b>
<b>Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.</b>
<b>Excepcionalmente certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou de calquera órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor e titores carezan de DNI ou NIE</b>
<b>A solicitude será única para todos os fillos .</b>

## **2-COMPROBACIÓN DE DATOS**

**Para tramitar este procedemento consultarase automáticamente os datos incluídos en tódolos documentos elaborados polas administracións públicas**

**No caso de que as persoas interesadas (a persoa solicitante e os membros computables da unidade familiar) se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de solicitude (anexo I) e no de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar (anexo II) e achegar os documentos.**

**Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.**

**NEGREIRA,19 DE MAIO,2020**